



O comercio exterior


Ourense, terceira provincia galega en exportacións

As vendas galegas no exterior medran. Entre xaneiro e xuño deste ano Galicia vendeu no estranxeiro mercadorías por valor de 11.678,88 millóns de euros. A ese total a provincia de Ourense contribuíu con 423 millóns, un 3,62%. A tendencia ourensá é positiva, pero está a gran distancia da Coruña e Pontevedra



FOTOS: CARLOS G. HERVELLA

Importadores franceses nunha das misións inversas realizadas pola CEO no sector da lousa valdeorrés. Abaixo, visita a unha adega dentro dunha misión inversa nipona no sector do viño ourensán.



aínda que non tan alto, a provincia de Ourense con 151,52 millóns de euros e unha cobertura do 155,79% e a de Pontevedra, con 59,79 millóns de euros e

101,16%. En cambio, Lugo é a única provincia galega que presenta déficit co exterior con 1,68 millóns de euros e unha cobertura do 99,49%, mantendo unha situación próxima ao equilibrio comercial.

Aínda que a unha notable distancia das provincias de Coruña e Pontevedra, Ourense está enfocando tamén as súas vendas ao exterior. Os empresarios dispoñen de diverso apoio e asesoramento a través das administracións e tamén de organizacións empresariais como a CEO, que conta cun departamento específico de comercio exterior. "A través del vimos desenvolvendo un intenso labor en materia de internacionalización, adquirindo unha notable experiencia nese ámbito", explican dende esta entidade empresarial. "A modo de exemplo", engaden, "podemos citar a activa e estensa participación da CEO en iniciativas comu-

nitarias. Actualmente formamos parte dos proxectos de cooperación transfronteiriza, POCTEP, financiados pola Unión Europea e o FEDER, entre socios de Galicia e do norte de Portugal denominados, ECICII PLUS e INTERNOVAMARKET-FOOD".

No marco destas iniciativas, a CEO ten estandarizado un método para o diagnóstico do potencial de exportación e deseñou o programa REI (Revisión Estratégica e Orientación cara a Internacionalización). "Este programa axuda ás Pemes a sentar as bases da súa estratexia empresarial. Co apoio dun experto, a empresa realiza unha análise pormenorizada da súa situación respecto a factores clave da súa estratexia e do mercado no que se desenvolve para así poder establecer os seus obxectivos e as accións necesarias para alcanzalos", indican dende a CEO.

Por outra banda, o servizo de diagnóstico do potencial de exportación céntrase en como afrontar e solucionar os riscos que implica iniciar un proceso exportador. "As cuestións que plantea este diagnóstico axudan á reflexión sobre a madurez e a estabilidade da empresa en base a

ÁNGELES RODRÍGUEZ

Saír fóra para vender un produto ou un servizo non é doado. Supón todo un reto non exento de riscos e que require formación e preparación. Aínda así, cada vez son máis as pequenas e medianas empresas da provincia de Ourense que apostan por dar ese salto ao mercado internacional, no que ata hai pouco os principais referentes ourensáns estaban en sectores como o téxtil ou a lousa. A mostra máis clara dese cambio está no sector agroalimentario, con exemplos como o do viño. E ese interese pola exportación vaixe reflexando, pouco a pouco, nos datos. "As exportacións ourensás de xaneiro a xuño deste ano medraron nun 0,36% respecto ao mesmo dato do pasado ano e sitúan a Ourense como a terceira provincia galega con maior actividade exportadora", sinalan dende a Confederación Empresarial de Ourense (CEO), cuxo Departamento de Promoción Exterior e

Relacións Internacionais está a rexistrar cada vez máis demandas de información e solicitudes para accións promocionais no exterior.

Esta tendencia exportadora vense intensificando con gran forza en Galicia. No primeiro semestre do 2018 as exportacións desta comunidade medraron a un forte ritmo, rexistrando unha taxa de crecemento do 7,32% con respecto a ese mesmo período do 2017 e que duplica amplamente o incremento rexistrado pola exportación española (2,87%), segundo os datos do Informe mensual do Comercio Exterior de Galicia de xuño de 2018, que elabora a Dirección Territorial de Comercio e ICEX nesta comunidade. Isto imponse pola exportación vaixe reflexando, pouco a pouco, nos datos. "As exportacións ourensás de xaneiro a xuño deste ano medraron nun 0,36% respecto ao mesmo dato do pasado ano e sitúan a Ourense como a terceira provincia galega con maior actividade exportadora", sinalan dende a Confederación Empresarial de Ourense (CEO), cuxo Departamento de Promoción Exterior e

A venda de mercadorías galegas no exterior chegaba nos primeiros seis meses deste ano aos 11.678,88

O COMERCIO EXTERIOR GALEGO POR PROVINCIAS: XANEIRO-XUÑO DE 2018										
	EXPORTACIÓN				IMPORTACIÓN				SALDO	COBERTURA
	Millóns de euros	IProv (1)	TVA (2)	CProv a TVA(3)	Millóns de euros	IProv	TVA	CProv a TVA		
 GALICIA 	11.678,88	100	7,32	7,32	9.446,77	100	9,59	9,59	2.232,11	123,63
A Coruña	5.703,32	48,83	11,38	5,36	3.680,84	38,96	6,16	2,48	2.022,49	154,95
Lugo	326,22	2,79	-10,26	-0,34	327,91	3,47	9,71	0,34	-1,68	99,49
 Ourense 	423,09	3,62	0,36	0,01	271,57	2,87	-2,34	-0,08	151,52	155,79
Pontevedra	5.226,25	44,75	5	2,29	5.166,46	54,69	12,90	6,85	59,79	101,16

(1) IProv: incidencia provincial na exportación/importación de Galicia (en porcentaxe). (2) TVA: taxa de variación interanual (respecto a igual período do ano anterior) en porcentaxe. (3) CProv a TVA de Galicia: contribución provincial á taxa de variación interanual rexistrada por Galicia

Fonte: ICEX. "Informe mensual de comercio exterior de Galicia. Xuño de 2018" do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

millóns de euros. Boa parte delas, ata nun 77,42% dos casos, fan destinadas a países da Unión Europea, sendo os seus mercados referenciais Francia (19,42% do total da exportación), Portugal (13,49%) e Italia (9,64%). Fóra do mercado comunitario, Marrocos mantense como principal destino das exportacións galegas (3,05%).

Os sectores económicos con maior peso na exportación galega son as manufacturas de consumo (28,11%, aportando o sector téxtil-confección máis de 25 puntos), automóviles (19,63%), bens de

equipo (13,97%, na súa maior parte de vehículos de transporte de mercadorías por estrada), semimanufacturas (13,12%, boa parte delas do grupo metálico e químico) e alimentación (12,56%).

Por provincias, o comercio exterior galego concéntrase nas da Coruña e Pontevedra, cun 48,83% e un 44,75%, respectivamente, o que representa en torno ao 94% do total. Detrás delas sitúase Ourense, cun 3,62%, e Lugo cun 2,79%. Con respecto á evolución interanual das vendas internacionais, este estudo amosa unha suba

no primeiro semestre do ano nas provincias da Coruña, Pontevedra e Ourense, se ben neste último caso o seu crecemento ten sido moito máis lixeiro. Por contra, na provincia de Lugo rexístrase un descenso moi acusado, do 10,26%.

Entre xaneiro e xuño deste ano a provincia de Ourense comercializou no exterior produtos por valor de 423,09 millóns de euros, fronte aos 5.703,32 da Coruña, os 5.226,25 millóns de Pontevedra e aos 326,22 millóns de Lugo. As principais exportacións no caso de

COMERCIO EXTERIOR EN ESPAÑA. AS SEIS CCAA MÁIS EXPORTADORAS (XANEIRO-XUÑO 2018)											
	EXPORTACIÓN				IMPORTACIÓN				SALDO	COBERTURA	EXP+IMP
	Millóns de euros	ICom (1)	TVA (2)	CCom a TVA(3)	Millóns de euros	ICom	TVA	CCom a TVA			
 ESPAÑA 	144.916,39	100	2,87	2,87	159.501,67	100	4,96	4,96	-14.585,28	90,86	304.418,06
Cataluña	36.658,47	25,30	2,86	0,72	45.427,77	28,48	6,26	1,76	-8.769,30	80,70	82.086,24
Andalucía	17.225,11	11,89	7,63	0,87	16.226,30	10,17	16,33	1,50	998,80	106,16	33.451,41
C. Valenciana	15.801,24	10,90	2,12	0,23	13.986,98	8,77	3,81	0,34	1.814,27	112,97	29.788,22
Madrid	14.479,46	9,99	-5,12	-0,55	30.307,38	19	-0,27	-0,05	-15.827,92	47,78	44.786,84
País Vasco	12.940,51	8,93	8,32	0,71	9.937,20	6,23	5,82	0,36	3.003,30	130,22	22.877,71
 Galicia 	11.678,88	8,06	7,32	0,57	9.446,77	5,92	9,59	0,54	2.232,11	123,63	21.125,66

(1) ICom: incidencia autonómica na exportación/importación de España (en porcentaxe). (2) TVA: taxa de variación interanual (respecto a igual período do ano anterior) en porcentaxe. (3) CCom a TVA de España: contribución autonómica á taxa de variación interanual rexistrada por España.

Fonte: ICEX. "Informe mensual de comercio exterior de Galicia. Xuño de 2018" do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Ourense proveñen de sectores como o de semimanufacturas non químicas, que representa o 31,7% do total provincial, e bens de equipo (23%). No caso de Lugo, os sectores que máis vendían no estranxeiro eran o das semimanufacturas non químicas (38,3%) e o da alimentación, bebidas e tabaco (23%), tal e como se desprende do xa mencionado informe de comercio exterior.

No que se refire á importación, os datos deste primeiro semestre revelan que Galicia comprou fóra

produtos por valor de 9.446,77 millóns de euros, que supuxeron tamén un crecemento interanual moi alto (do 9,59% en termos nominais). Así, a "balanza comercial de bens de Galicia co estranxeiro rexistrou un saldo favorable por valor de 2.232,11 millóns de euros", menor ao rexistrado un ano antes, situándose a taxa de cobertura no 123,63% (126,25% en xaneiro-xuño de 2017), citando o informe.

Na análise provincial, Pontevedra, Lugo e A Coruña mostraron

un dinamismo de moi alto a alto (rexistrando incrementos do 12,90%, 9,71% e 6,16%, respectivamente); en cambio, a importación de Ourense sufriu un retroceso moderado (con taxa de crecemento interanual do 2,34%).

Tendo en conta as cifras de exportación e importación, A Coruña é a provincia galega que contabiliza un maior superávit nestes seis primeiros meses de 2018, con 2.022,49 millóns de euros e unha taxa de cobertura do 154,95%. Acadan tamén un saldo favorable,



FOTOS: CARLOS G. HERVELLA

Vén da páxina anterior

catro factores básicos, relacionados co produto/servizo, coa situación do mercado, coa experiencia e coñecemento da empresa e coa capacidade do equipo humano e directivo para abordar novos retos e plantexamentos”, matizan desta esta entidade empresarial ourensá.

Ao mesmo tempo, a CEO vén desenvolvendo nos últimos dous anos, coa axuda do Igape, un intenso programa de misións comerciais inversas en diversos sectores da provincia, entre eles os da lousa e o agroalimentario. “No transcurso destas misións producíronse 344 encontros con empresarios de toda a provincia, repartidos en 217 visitas a empresas e 127 reunións de negocio con prescitores, axentes, importadores e distribuidores estranxeiros procedentes de Europa, América

Nos últimos dous anos a CEO organizou un programa de misións inversas con 344 encontros con empresarios da provincia repartidos en 217 visitas a empresas

e Asia”, matizan dende a CEO.

Outra iniciativa impulsada por esta organización é o Plan para a Internacionalización das empresas de Ourense-Exportou, suscrito coa Deputación de Ourense. “A través desta colaboración”, aseguran dende a CEO, “desenvolveuse un completo programa de servizos de apoio e actividades dirixidos a impulsar a presenza internacional e a mellora da competitividade do tecido empresarial ourensán. Dende a capacitación de profesionais na ardua tarefa de iniciar un proceso de exportación, a un novidoso Servizo de Primeira Exportación, para que as empresas poidan dar os seus pasos iniciais no exterior, coñecendo diversos elementos e etapas que van implícitos en calquera operativa exterior de forma sinxela, cercana, apoiada e sen riscos. Cunha metodoloxía contrastada e un xove profesional SIRE (Servizo Integral de Reforzo Exportador), asistido por un



equipo de mentores sénior en comercio exterior, a empresa realiza o camiño para formalizar a súa primeira operación exportadora”.

Tamén a través deste plan as empresas ourensás poden mellorar a súa identidade dixital e posicionamento no exterior grazas ao programa de dixitalización para a internacionalización-PDI. “Esta ferramenta permite a imple-

mentación de melloras específicas, segundo a análise do estado dixital de cada empresa. Contribuíndo ao desenvolvemento de imaxe de marca e ao recoñecemento internacional dos produtos ourensás. Así a plataforma dixital <https://exportou.com> ofrece un escaparate virtual de produtos ourensás enfocados á exportación, *Made in Ourense*, que actual-

mente conta con 32 empresas inscritas e aproximadamente 28.000 visitas. Exportou erxese como un canal de comunicación directo entre empresas da provincia interesadas en exportar e contrapartes estranxeiras interesadas en adquirir produtos ourensás”, destacan dende a confederación.

Este portal tamén achega información de utilidade para iniciar

O téxtil e a automoción son dous sectores de referencia nas exportacións galegas e ourensás.

ou consolidar a actividade exportadora, liñas de financiamento, informes, programas formativos...

No último cuatrimestre deste ano a CEO despregará un programa de actividades de internacionalización de empresas que incluíra un servizo de diagnóstico do potencial de exportación, un sistema de feiras virtuais, unha nova fase do programa REI, talleres país e a organización dunha nova misión comercial inversa, neste caso de Dinamarca, en colaboración co ICEX a primeiros de 2019. Esta misión estará enfocada ao sector agroalimentario.

Máis información:

- <https://www.icex.es/>
- exportou.com

- Departamento de Promoción Exterior da CEO: 988 391110
europcos@ceo.es